

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Tesouros

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro do castro do Cantón

Situado na parroquia de Cabanela, concello de Navia de Suarna (Lugo). Uns veciños contáronme que a mediados dos anos cincuenta do pasado século XX apareceu no castro un anel de ouro. Pola mesma época chegou ao lugar un descoñecido que durante varios días viron escavando en varios lugares do castro; con el traía un libro, disque escrito en portugués, que sinalaba a ubicación dun tesouro. Descoñécese se o atopou.

[Texto de Xabier Moure Salgado. Xullo de 2012]